

Recuperando a memoria histórica

O PSOE DA CORUÑA

E A SIMBOLOXÍA FRANQUISTA

Durante moitos anos o grupo municipal do PSOE no concello da Coruña tivo as cousas moi claras: había que manter a simboloxía franquista; había que manter as distincións honoríficas aos franquistas porque iso permitía recoller nas eleccións municipais un voto da dereita e, incluso, da extrema dereita. Por outra parte -e mentres se mantiveron as rúas dedicadas a Franco, Mola, Sanjurjo, Millán Astray, División Azul, Caídos, etc.- inauguráronse outras dedicadas a Azaña ou Castelao. Cando o "caudillo" Paco Vázquez inicia o seu declive e, posteriormente, é enviado a Roma polo seu propio partido (un desterro de ouro), o PSOE perde 25.000 votos na Coruña. A política de tolerancia co franquismo, que practicou o PSOE coruñés, co silencio cómplice da dirección do PSdeG, foi unha vergoña e acabou nun rotundo fracaso, tamén a nivel electoral.

O discurso político do PSOE era exposto polos seus líderes cunha falta total de dignidade e de respecto ás vítimas da represión franquista. A Coruña era a cidade galega con máis simboloxía franquista porque o Goberno Municipal, con maioría absoluta do PSOE, estivo negando a evidencia e difundindo a mensaxe de que aquí non había simboloxía franquista, senón só simboloxía histórica, que cumpría conservar. Por outra parte, a reivindicación da supresión da simboloxía franquista era presentada como unha intoxicación interesada, que só pretendía desvirtuar e manipular a realidade; como unha proposta que encarnaba odio, rancor e revancha. Esta vergoñenta actuación de Paco Vázquez, apoiada por todo o grupo municipal do PSOE, estivo presentándose durante anos como un exercicio exemplar de tolerancia, convivencia, equilibrio e pluralidade.

"Es una intoxicación interesada que intenta desvirtuar y manipular la realidad", declaraba o alcalde Francisco Vázquez despois de que PSOE e PP non apoiasen no Pleno unha moción do BNG para a retirada da simboloxía franquista. (*El Ideal Gallego*, 7-7-2004)

"La ciudad ha sido modelo y ejemplo, que ha dado desde la tolerancia y el respeto a la memoria histórica", declaraba Francisco Vázquez. Pola súa parte, Javier Losada manifestaba: "La moción del BNG es una maniobra política para trasladar a la ciudad que lo han propuesto ellos, cuando es algo que ha sido iniciativa del PSOE en el último Congreso, y que ha aprobado el PSOE este mismo fin de semana. De hecho, fué el ex concejal coruñés y actual Secretario de Cooperación Local, José Luis Méndez Romeu, el que presentó la iniciativa. El gobierno municipal tiene sus propios proyectos y se marca sus propios tiempos y no va a tomar decisiones cuando lo quiera el BNG; el BNG intenta chupar rueda al PSOE". (*La Voz de Galicia*, 7-7-2004)

"La historia es la que es, ahí está; dejemos la historia, recuperemos la memoria y rindamos homenaje a aquellos que han estado perseguidos y marginados. Nadie anduvo moviendo cuadros, ni placas, ni nada de nada, que es lo que he venido haciendo yo en una recuperación natural de la memoria histórica. No voy a entrar en eso, que es lo peor que puede haber. No existen símbolos franquista, sino históricos. Esta opinión la comparte todo el grupo municipal socialista", declaraba Francisco Vázquez. (*La Opinión*, 23-11-2004)

"Apelamos a la paz, la piedad y el perdón -como dijo Azaña- frente a la riña, el rencor y la revancha. En esta ciudad no hay símbolos franquistas, sino que hay símbolos históricos. La historia es la que es y ese respeto por el pasado ha estado presente desde siempre en esta ciudad", manifestaba Francisco Vázquez. (*La Voz de Galicia*, 23-11-2004). Estas palabras do alcalde eran contestadas polo escritor Rafael Torres: "La inquisición y la tortura también son historia y a nadie se le ocurre hacerles un monumento. Le invito a que recapacite, apelo a su inteligencia y a su humildad, acreditada tantas veces. Sólo es el gestor de la voluntad de la sociedad y el tiempo de los virreyes pasó". (*El Ideal Gallego*, 24-11-2004)

O Portavoz municipal do PSOE, Javier Losada, cualificaba a petición do grupo municipal do BNG para que se retirase a simboloxía franquista, de "demagogia, oportunismo e cinismo".

"Non queremos que A Coruña sexa a reserva espiritual do franquismo, nin que se converta no centro de peregrinación para persoas que non merecen ningún recoñecemento social", argumentaba o grupo municipal do BNG

despois de reclamar a eliminación dun baixorrelevo de Franco que hai no salón de plenos. "Vázquez síntese cómodo coa permanencia destes símbolos, polo seu propio beneficio electoral", declaraba Henrique Tello. (*La Voz de Galicia*, 15-4-2005)

A Coruña era coñecida como a capital da simboloxía franquista; por esta vergoñenta situación eramos portada en telexornais, informativos de radio e prensa. Os titulares de diversos medios de comunicación recollían moi ben esa situación:

TITULARES

A CORUÑA ES LA CAPITAL GALLEGA CON MÁS SIMBOLOGÍA FRANQUISTA, SEGÚN UN ESTUDIO

(*El Ideal Gallego*, 15-4-2004)

EL BNG PIDE AL ALCALDE QUE RETIRE LOS SÍMBOLOS FRANQUISTAS DE EDIFICIOS PÚBLICOS Y CALLES

(*La Opinión*, 27-4-2004)

36º CONGRESO DEL PSOE: EXIGENCIA A LOS ALCALDES PARA QUE RETIREN SÍMBOLOS FRANQUISTAS

(*El País*, 4-7-2004)

EL PSOE INSTA A SUS MIEMBROS A PROMOVER LA RETIRADA DE TODOS LOS SÍMBOLOS DE LA DICTADURA

El alcalde no se ha mostrado partidario de hacerlo hasta ahora.

(*La Opinión*, 5-7-2004)

FRANCISCO VÁZQUEZ RECHAZA ABOLIR SÍMBOLOS FRANQUISTAS EN A CORUÑA

(*El País*, 6-7-04)

https://elpais.com/diario/2004/07/06/espana/1089064822_850215.html

VÁZQUEZ MUESTRA A CORUÑA COMO UN MODELO DE MEMORIA HISTÓRICA

Asegura que la polémica sobre los símbolos franquista es una "intoxicación interesada"

(El Ideal Gallego, 7-7-2004)

TELLO AFIRMA QUE VÁZQUEZ SE SIENTE CÓMODO CON LA SIMBOLOGÍA FASCISTA

El nacionalista tacha al alcalde de "falso, autoritario e hipócrita" por no cambiar el nombre de las calles

(La Opinión, 8-7-2004)

VÁZQUEZ LLAMA FASCISTA AL BNG POR LA POLÉMICA DEL CALLEJERO

Aseguró en Radio Voz que no se eliminarán las referencias que quedan de la dictadura. Ya se hicieron los cambios que debieron hacerse

(La Voz de Galicia, 10-7-2004)

TELLO SOLICITA QUE FRANCO DEJE DE SER HIJO ADOPTIVO DE LA CIUDAD

El pleno del Ayuntamiento adoptó esta medida en octubre de 1936

(El Ideal Gallego, 20-11-2004)

EL AYUNTAMIENTO MANTENDRÁ A FRANCO COMO HIJO PREDILECTÍSIMO

El gobierno local no apoyará la moción del BNG para retirar al dictador el título de hijo predilectísimo y adoptivo de la ciudad. "No voy a entrar en eso, es lo peor que puede haber", argumenta Vázquez

(La Opinión, 23-11-2004)

VÁZQUEZ CONSERVARÁ LOS SÍMBOLOS DEL FRANQUISMO POR SU CARÁCTER "HISTÓRICO"

El gobierno local rechaza retirar la condición de hijo predilecto a Franco. El Congreso aprobó hace veinte días la retirada de estatuas y placas de la dictadura

(La Voz de Galicia, 23-11-2004)

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/2004/11/22/vazquez-conservara-simbolos-franquismo-caracter-historico/0003_3231228.htm

EL PARTIDO POPULAR DEFIENDE LA PERVIVENCIA DE SÍMBOLOS FRANQUISTAS

(La Voz de Galicia, 24-11-2004)

EL BNG PEDIRÁ LA RETIRADA DE LA ESTATUA DE MILLÁN ASTRAY

Tello cree que el alcalde "desnaturaliza"la historia al no poner "a cada uno en su sitio"

(La Opinión, 15-4-2005)

EL BNG PIDE ELIMINAR UNA TALLA DE MADERA DE FRANCO DEL SALÓN DE PLENOS

(La Voz de Galicia, 15-4-2005)

PSOE E PP SE OPONEN A QUE EL PLENO DEBATA RETIRAR SÍMBOLOS FRANQUISTAS

Ni los ediles socialistas nin los conservadores apoyan la tramitación de una moción del BNG

(La Opinión, 8-11-2005)

EL BNG CONSIDERA LAMENTABLE LA ACTITUD DE PP Y PSOE POR NO CONDENAR LA DICTADURA FRANQUISTA

(La Voz de Galicia, 6-7-2006)

A SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS PLENOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DA CORUÑA (2004-2007)

Durante o tempo que estiven como concelleiro (2003-2007) no grupo municipal do BNG presentamos 24 iniciativas sobre a supresión da simboloxía franquista e a recuperación da memoria histórica. Estas son as 9 mocions (a data fai referencia ao Pleno da Corporación en que se presentou a iniciativa):

5-7-04. **MOCIÓN** sobre a retirada da simboloxía franquista. **Rexeitada polo PSOE e PP.**

3-12-04. **MOCIÓN** para que se revogue o recoñecemento de Franco como fillo adoptivo

e predilectísimo da Coruña. **Rexeitada polo PSOE e PP.**

2-5-05. **MOCIÓN** para que se retire a estatua de Millán Astray. **Rexeitada polo PSOE e PP.**

7-11-05. **MOCIÓN**, con motivo do 30 aniversario da morte de Franco, para que se retire a estatua de Millán Astray, se cambie o nome do hospital Juan Canalejo e se revogue o recoñecemento de Franco como fillo adoptivo e predilectísimo da Coruña. **Rexeitada polo PSOE e PP.**

16-1-06. **MOCIÓN** sobre a participación do concello da Coruña nas actividades da Xunta con motivo do Ano da Memoria. **Rexeitada polo PSOE e PP.**

3-4-06. **MOCIÓN** de apoio ás vítimas e persoas represaliadas polo franquismo e celebración do 75 aniversario da II República. **Rexeitada polo PSO e PP**, sendo xa alcalde Javier Losada.

3-7-06. **MOCIÓN** para a conmemoración do 70 aniversario do Plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galiza e condena da sublevación militar fascista de 1936. **Rexeitada polo PSOE e PP.**

2-10-06. **MOCIÓN** para a revogación do recoñecemento de Franco como fillo adoptivo e predilectísimo da Coruña e constitución dunha Comisión para a recuperación da memoria histórica. **Rexeitada polo PSOE e PP.**

2-4-07. **MOCIÓN** -a iniciativa da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, Fundación 10 de Marzo, Foro da Memoria da Coruña, Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, Agrupación Cultural O Facho, CCOO, CIG, CGT e CNT- para a recuperación da memoria histórica e a supresión da simboloxía franquista: Retirada ao ditador Franco do título de "Alcalde Honorario da cidade"; retirada da simboloxía franquista do palacio municipal de María Pita; cambio de nome de todas as rúas relacionadas co franquismo (Generalísimo, Mola, Sanjurjo) ou que homenaxean os vencedores (Caídos,

División Azul, etc.); solicitar o cambio de nome do hospital Juan Canalejo; facer unha declaración pública de condena do réxime franquista e de apoio ás vítimas da ditadura e ás súas familias. **Rexeitada polo PSOE e PP.**

Despréndese desta relación que houbo moita resistencia por parte dos grupos municipais do PSOE e PP -que sempre coincidían- para retirar a simboloxía franquista. No caso do PSOE, en aberta contradición coas acordos tomados nos seus congresos.

Aí están as hemerotecas, que recolleron todo este proceso, coas posicións políticas dos distintos grupos municipais. A vergoñenta mensaxe do PSOE á cidadanía de que na Coruña non había simboloxía franquista, caía como un castelo de naipes cando o Pleno da Corporación de 7 de setembro de 2009 aprobaba a retirada de máis de 50 símbolos franquistas.

POR QUE QUEDA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NA CORUÑA?

(Publiquei este artigo, co título "Simboloxía franquista", en *El Ideal Gallego* de 25 de xuño de 2008)

Moita xente pregunta como é posíbel que despois de trinta anos de democracia e vinte e sete da promulgación dunha lei sobre o escudo constitucional de España, aínda teñamos na Coruña escudos ilegais e a cidade chea de simboloxía franquista. A explicación é ben sinxela; cando un grupo de estudantes facía en 1999 unha recollida de sinaturas para que se retirasen das rúas as placas de personaxes do réxime franquista, a concelleira Carmen Marón xustificaba esta situación: "La convivencia con estos nombres es un síntoma de tolerancia".

A Lei da Memoria Histórica denuncia a ditadura franquista, así como a violación de dereitos humanos, e acaba con estas teorías da tolerancia co franquismo, da convivencia das rúas que homenaxean a golpistas e verdugos coas que lembran as vítimas. Esta lei desautoriza, xa que logo, a política seguida durante vinte e catro anos polo Goberno municipal da Coruña.

Tomaba un café cun concelleiro do PSOE e dicíame: "A ver, Manolo, cando retiramos a estatua dese fascista" (referíase a Millán Astray). E

o concelleiro e presidente da Deputación, Salvador Fernández Moreda, ante unha pregunta dunha xornalista, contestaba que non sabía por que non se retiraron os símbolos, placas, estatuas e rúas franquistas da Coruña. Que pouca memoria! Non lembraban que os dous votaron co PP, en numerosas ocasións, impedindo que se revogase a concesión a Franco do título de Fillo Adoptivo e Predilectísimo da Coruña; que se retirase a estatua de Millán Astray e cambiasen as rúas dedicadas á División Azul, Caídos, Sanjurjo, Mola, etc.

Nas filas do PSOE coruñés -estou a falar dalgúns dirixentes- non só hai unha falta de cultura socialista; hai tamén unha falta de cultura democrática. Cando lle preguntan a Moreda polo cambio de nome da rúa Xeneral Sanjurjo, xustifica a súa pervivencia porque "é historia, o mesmo que os xenerais Miaja e Rojo". Moreda, despois de trinta anos de democracia, aínda non distingue -ou coloca ao mesmo nivel- a un xeneral golpista, que se levanta en armas contra a Constitución, doutros que defenderon a democracia e a orden constitucional da II República.

As persoas que durante estes anos defendemos uns principios, unha actuación xusta e digna dos poderes públicos, e reclamamos reiteradamente a supresión da simboloxía franquista, sufrimos moitos insultos, sendo cualificados como "fascistas" polo alcalde Vázquez. Nunha das numerosas ocasións en que este tema foi tratado pola Corporación Municipal, presentaba eu no Pleno de 11 de febreiro de 2005 unha pregunta oral, reclamando a eliminación da simboloxía franquista. Contestou, moi enfadado, o portavoz do PSOE, Javier Losada, rematando así a súa intervención -entre aplausos da bancada do PSOE, como recolle a acta-: "Me parecen indignantes sus palabras y sólo de una mente enfermiza".

Alarmado por este diagnóstico, que ademais procedía dun médico como Losada, acudín rapidamente á consulta dun amigo psiquiatra. Tranquilizoume dicindo que non me preocupase porque esa expresión de Losada era utilizada con frecuencia para descualificar ou desprestixiar persoas con principios e dignidade que aínda non están domesticadas polo poder.

Eu comprendo a preocupación do alcalde Losada porque cada vez somos máis as persoas comprometidas en acabar con toda a simboloxía franquista da Coruña, en cambiar o nome do hospital Juan Canalejo e en recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público.

Esas "mentes enfermizas", teremos dereito, polo menos, a un tratamento na Seguridade Social?